

RESOLUCIÓN pola que se procede á prórroga das bolsas concedidas en virtude da Orde do 27 de decembro de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras das bolsas de formación en materia de arquivos correspondentes ao programa 2024

Con data de 13 de xuño de 2024 resolveuse a concesión de bolsas de formación en materia de arquivos, convocadas mediante Orde do 27 de decembro de 2023, pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan bolsas de formación en materia de arquivos correspondentes ao programa 2024 (código de procedemento CT110A).

No artigo 3.8 da citada Orde contémplase a posibilidade de prórroga automática das bolsas ata 6 meses, en función da existencia de crédito suficiente nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para os anos 2024 e 2025.

Tendo en conta esta previsión das propias bases da convocatoria, e logo do Acordo do Consello da Xunta polo que se autoriza o compromiso de gasto plurianual que se deriva da Orde do 27 de decembro de 2023 (DOG nº 21 de 30 de xaneiro de 2024) para poder prorrogar automaticamente as bolsas convocadas no ano 2024, esta Consellería:

RESOLVE:

Primeiro: prorrogar as bolsas de formación en materia de arquivos por 6 meses, con efectos a partir do 1 de xaneiro ata o 30 de xuño de 2025.

Segundo: manter, durante o desenvolvemento das bolsas, as mesmas condicións previstas na Orde do 27 de decembro de 2023, pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan bolsas de formación en materia de arquivos correspondentes ao Programa 2024.

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase recorrer potestativamente en reposición ou ben poderá ser impugnada directamente ante a orde xurisdiccional contencioso-administrativa de conformidade co previsto no artigo 123 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

O conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude

José López Campos

